



As normas de Xestión Académica no artigo 83 regulan a realización de "outras actividades" como créditos de libre elección cando así o contemplan os planos de estudio.

Os planos de estudio da Facultade de Medicina e Odontoloxía aprobados mediante Resolución do 6 de novembro de 2000 (BOE do 1 de decembro) permiten a realización de "Outras actividades" como créditos de libre configuración sen facer concreción das mesmas.

Co obxecto de desenvolver a realización de "outras actividades" polos alumnos da Facultade de Medicina e Odontoloxía e dadas as características específicas que teñen estas titulacións, logo do informe do Centro

RESOLVO

Primeiro: Obxecto da actividade

Terá a consideración de "Actividades previstas nos planos de estudio" de Medicina e Odontoloxía no epígrafe denominado "outras actividades" as **Prácticas clínicas** que realicen os alumnos baixo a supervisión dos profesores responsables.

Segundo: Tempo e lugar de realización

Esta actividade realizarase en período non lectivo durante os meses de **xullo, agosto e setembro**, nos Centros ou Servicios que acorde a Universidade de Santiago de Compostela de conformidade cos convenios que teñan subscritos con organismos ou entidades de carácter sanitario.

Terceiro: Número de horas e equivalencia en créditos.

Os alumnos non poderán realizar máis de 150 horas durante este período de prácticas en cada curso académico. A equivalencia en créditos será de 30 horas = 1 crédito sendo o total de 5 créditos de libre elección. O máximo de créditos a recoñecer pola realización das "**Actividades previstas no plano de estudio**" será de 15.

A realización desta actividade polos alumnos deberá ser compatible coa realización dos exames oficiais fixados polo Centro.

Cuarto: Convocatoria

O Centro realizará durante o mes de marzo a Convocatoria da "**Actividade prevista no plano de estudos de : prácticas clínicas**" que se imputará nese ano académico. Farase unha convocatoria para cada unha das titulacións que organiza o centro que deberá conter os seguintes extremos:

- Hospitais e Centros de Saúde nos que se poderá realiza-la actividade indicando a localidade do mesmo
- Prazo de presentación das solicitudes
- Requisitos académicos para concorrer e criterios de selección de se-lo caso.
- Profesor ou profesores responsables do desenvolvemento da actividade

Quinto: Límites para a realización desta actividade.

Ademáis dos que de se-lo caso estableza cada convocatoria, non poderán concorrer os alumnos que se matriculen en primeiro curso por primeira vez nas titulación de Medicina e Odontoloxía, os alumnos que teñan completados os 15 créditos de libre elección que



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

establecen os planos de estudos por "outras actividades", nin aquelas outras que xa teñan completada a libre elección segundo o plano de estudos.

Sexto: Imputación da actividade

A actividade imputarase de forma xenérica polo número de créditos que se estableza baixo a denominación de "actividade prevista no plano de estudio"

Séptimo: Avaliación e cualificación da actividade

Esta actividade será avaliada polo profesor ou profesores responsables do seu desenvolvemento en colaboración cos profesionais que actúen como titores das prácticas clínicas que deberán facer o correspondente informe. As cualificacións desta actividade faranse coas mencións APTO ou NON APTO.

Oitavo.- Matrícula

A resolución do decano que faga pública a selección de alumnos axustarase ó modelo do ANEXO I e deberá conte-los seguintes datos:

Nome e apelidos dos alumnos seleccionados

Destino no que desenvolverá á actividade

Tempo de realización da actividade.

Esta resolución deberá ser remitida ó Servicio de Alumnado e maila Unidade de Xestión Académica do Campus Norte ós efectos de que os alumnos formalicen a matrícula na actividade.

O prazo de matrícula dos alumnos seleccionados en cada convocatoria farase do 15 de xuño ó 30 de xuño.

Noveno.- Recoñecemento

O recoñecemento de ditos créditos farase mediante a correspondente ACTA segundo o modelo do ANEXO II.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2002

O RECTOR

(P.D.r.r do 12 de febreiro de 2002)

**O VICERRECTOR DE RELACIÓNS EXTERIORES
E PROXECCIÓN UNIVERSITARIA**

Fernando Domínguez Puente

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E
TITULACIÓNS - SR. DECANO DA FACULTADE DE MEDICINA- SRA. XEFE DO
SERVICIO DE ALUMNADO - SR XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR.
DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR.
XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE.

